



A cuarta edición do Encontro Mundial de Humorismo celebrárase do 25 de abril ao 5 de maio na Coruña

O EMHU, o evento humorístico máis relevante de España, ampliará a súa programación no 2024 para ofrecer 11 xornadas continuadas de shows nos que participarán as figuras máis relevantes da escena galega e estatal

Espectáculos únicos, elencos exclusivos e producións propias formarán parte do cartel da cita, que un ano máis conta con Luis Piedrahita como director artístico



A Coruña, 15 de decembro de 2023.- O Encontro Mundial de Humorismo celebrará a súa cuarta edición do 25 de abril ao 5 de maio na cidade da Coruña. **EMHU**, a cita humorística máis relevante de España, reunirá en 2024, durante 11 xornadas, as figuras máis relevantes da comedia galega e estatal. Serán case unha ducia de días nas que o humor, a improvisación e o impredecible derrubarán, coma se dunha máquina de demolición se tratara, a realidade en prol do sorriso, o deleite e a imaxinación. Porque, tal e como sinala **Luis Piedrahita**, director artístico do EMHU, “o humor destrúe, si, pero sempre para construír”.

O EMHU, impulsado pola produtoras Etiqueta Negra e El Espectador, regresará aos escenarios coruñeses na primavera de 2024 potenciando a súa proposta programática. O evento, que conta co apoio do Concello da



Coruña, Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e Estrella Galicia, **ampliá a súa duración**, que pasará a ofrecer un total de 11 xornadas continuadas de humor en maiúsculas, repletas dos **shows máis seguidos do momento, producións propias e espectáculos únicos**, que contarán cos principais nomes da comedia galega e nacional. Entre as sesións exclusivas que se poderán ver na Coruña, están galas como ***Fantastic Colofon*** ou ***Humoris Causa***, citas nas que o EMHU reúne un elenco de grandes figuras que se atopan por primeira vez nun mesmo escenario e nas que o público esgota rapidamente todos os billetes.

O humor regresará á cidade da Coruña como unha máquina de demolición, protagonista do cartel desta cuarta edición, creado polo deseñador gráfico e ilustrador **Riki Blanco**, que coroa unha bóla de derriba flotante que esboza un sorriso. Tal e como explica Luis Piedrahita, “o humor é unha deconstrucción construtiva que traballa demolendo pensamentos anquilosados, gravidades impostadas e outros ‘blablabás’ para despois rearmar o quebracabezas dos seus anaquiños”. “O humor aborrece o solemne, o pesado e, sobre todo, aos pesados. Cando alguén cos pés no chan ameaza con restrinxir o espazo aéreo das cabezas, o humor torpedéao sen piedade e reconstrúeo de novo, poñéndolle os pés nas nubes e a cabeza na lúa. O humor destrúe, pero sempre para construír”, sinala o director artístico do EMHU.

“O humor é unha detonación controlada. Ao desorganizar a lóxica da realidade, formamos novas e impredecibles estruturas mentais. Logo da devandita demolición, xorden novas arquitecturas para o deleite dos sentidos e da intelixencia”, asevera Riki Blanco, responsable da imaxe gráfica do EMHU xunto coa deseñadora lucense **Rebeca Losada**. “O humor non é un acto destrutivo, todo o contrario: derruba fugazmente a realidade para construír unha nova versión, debedora da orixinal. Non se esquece dela, xa que sen esa referencia non funcionaría”, engade Blanco.

EMHU

O Encontro Mundial de Humorismo é a cita coa comedia máis relevante e multitudinaria de España. Figuras como Andreu Buenafuente, Sílvia Abril, Leo Harlem, Eva Hache, Javier Cansado, Carolina Iglesias, Ignatius Farray, Ana Morgade, Dani Rovira, Juan Dávila, Eva Soriano, Javier del Pino, Javier Veiga, Oswaldo Digón ou Xosé A. Touriñán, entre outras moitas, formaron parte do cartel nas súas tres primeiras edicións, nas que o público puido gozar de espectáculos como *Estirando el chicle*, *Buenismo Show*, *Saldremos mejores*, *La ruina* ou *La vida moderna*.

O EMHU dará a coñecer proximamente os nomes que conformarán o cartel da súa cuarta edición. A programación troncal de espectáculos do EMHU completárase con diferentes actividades paralelas, dirixidas a todos os públicos, que se desenvolverán en distintos recintos culturais da cidade da Coruña.

Contacto de prensa EMHU 2024

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Acceso á **sala de prensa** dp EMHU 2024

Máis información: <https://emhu.es/>